


Somos un CEE situado en Santiago que contamos con alumnado de primaria e FP básica adaptada, nos talleres de cerámica, costura, carpintería, restauración e cultivos.



Fai un par de anos o papel da biblioteca no noso centro era pouco relevante.

Este é o seu estado actual, despois do PLAMBE



OBXETIVOS DE FUNCIONAMENTO

Hoxe, por cuestión de tempo, ímonos centrar nos obxectivos que nos estamos marcando en coordinación co profesorado de FP para converter a nosa biblioteca nun espazo verdadeiramente funcional.

O noso alumnado de talleres: (diapositiva)


- “ten pouca capacidade de traballar en equipo” (moitos dos nosos alumnos veñen de sufrir bullying e vivir situacións de illamento nos seus centros). Proposta: biblioteca como *espazo de convivencia e cidadanía*.
- “saben producir obxectos pero non saben explicar como os fan”. Proposta: biblioteca como *espazo de oratoria e exposición de traballos*.
- “teñen moita inestabilidade emocional”. Proposta: biblioteca como *espazo de relaxación multisensorial*.
- “illamento dos distintos talleres”. Proposta: biblioteca como *espazo de intercambio de saberes*.
- “aplicación de novas tecnoloxías para valorización dos produtos”. Proposta: biblioteca como *espazo para fedellar*.
- “alumnado con baixa autoestima”. Proposta: biblioteca como *espazo inclusivo*.

Así, presentamos para o PLAMBE o proxecto: **“Inclusión un camiño de ida e volta”**: queremos que o noso alumnado non só saia fóra do centro para fomentar a súa inclusión, senón tamén que o noso centro reciba visitas doutros colexios, institutos ou institucións, ofertando talleres de carpintaría, cerámica, ..., convertindo ao noso alumnado en “profes”.



//Para iso non poden ser só uns obradoiros manuais. A labor do equipo de biblioteca consiste en complementar con unidades didácticas e presentacións axeitadas aos

obxectos producidos. Poñamos dous exemplos rápidos. Nun dos obradoiros ofertados modélanse lucernas, e, a partir deste obxecto, pódese aprender matemáticas (cálculo do consumo de aceite), física (proceso de lixiviación para a obtención da terra sigilata),..., ata etimoloxía (o límite do disco superior chámase “margo”, de ahí ven que quen está fóra do límite é un “marginado”). Ou noutro exemplo, non se trata só de que as nosas visitas vexan no taller de carpintaría como preparar os paus para construír a ponte Arcuato de Da Vinci, senón tamén de que o noso alumnado sexa capaz de dar unha pequena explicación de estática estrutural para que se entenda o concepto de ponte autoportante.//



ANÁLISE DAS REFORMAS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

BANCADAS: USOS



explicando aos seus
scrapbooking.

Organizamos moitas conferencias-taller, nas que se emprega moito material e ferramenta. Grazas a esta estrutura, a visibilización do proceso por parte do espectador é óptima.



Alumnas de costura
compañeiros a técnica do



Investigadoras do CSIC ensinándonos análise de solos con todos os seus filtros, probetas,...



Alumnado de cerámica mostrando un forno de rakú construído por eles cun bidón de refugallo.



Taller de serigrafía coa asociación APAMP de Vigo.



Mostra de todo o material que nos presentou o ceramista Nacho Porto para explicarnos as propiedades acústicas da cerámica.



Nesta imaxe apreciamos que tamén dende o punto de vista do relator a visibilización, neste caso do público, mellora,



fomentándose a interacción oínte-poñente.

Esta é unha actividade desenvolvida por unha alumna de psicoloxía. Por medio dun convenio coa USC organizamos un Proxecto de Aprendizaxe-Servizo co título “Lecturas emocionantes”.



Segundo o centro de atención, adoptamos distintas disposicións, como neste taller de cómic...



ou nesta lectura compartida cunha profesora da USC...



ou nesta actividade de lembranzas emocionais en pequenos grupos.



As bancadas tamén se empregan como espazo de lectura informal...



na hora de ler...



ou cando o profesorado de talleres fomenta a lectura entre o seu alumnado.



Espontáneamente empréganse como zona de convivencia...



e conversa.




E tamén como espazo de intercambio de ideas, neste caso coas alumnas da USC participantes no Proxecto de Aprendizaxe-Servizo,..



ou emocións.

LUCES PAR LED CON CONTROL DMX, SON E PROXECCIÓN: USOS



Actividades de relaxación con lectura...



ou musicoterapia.



Nas actividades de contacontos fan unha análise previa do ambiente lumínico e sonoro de cada escena.

cadeiras están manexando os son e proxección.



Os tres alumnos que vedes nas equipos de luces,




A ambientación de lecturas poéticas axuda a centrar a atención.



Proxectamos vídeos sobre un lenzo axudando a fomentar distintas sensacións.



Tamén as empregamos para a festa de despedida do alumnado da USC.



O video mapping permítenos empregar obxectos feitos por eles como soporte para contar historias. Neste caso a mesa construída polo alumnado de carpintaría e un bolso de coiro feito en costura.



Tamén empregamos o mapping en escenografías.

MESA PARA FEDELLAR: MOBILIDADE



Como xa dixemos organizamos moitas actividades que precisan dunha mesa de grandes dimensión, como nesta conferencia-taller das artesáns de “Las flores de Greta”...



coas que nos iniciamos na novidosa técnica do *eco-print*.



Ou nesta na que o noso alumnado ensina a moldear peliqueiros a uns nenos e nenas dun colexio de Ourense que nos visitou.



E como traballaron ben, hai que axudarlles a repoñer forzas, sobre o noso bibliomantel: un *lenço de namorar* portugués.



Pero ao mesmo tempo precisamos dispor de amplos espazos libres para outro tipo de actividades.

Como esta presentación con teatro de sombras da historia da *ponte Arcuato*



que lle ensinamos a montar ao alumnado dun colexio de Santiago.



Pois ben, o elemento que máis movemos é esa mesa branca feita polos alumnos de carpintaría. E aínda que pareza difícil de desprazar, é todo o contrario. A clave está nas gomas deslizantes das patas de xeito que unha persoa soa a cambia sen dificultade.

PROBLEMAS ACÚSTICOS: SOLUCIÓN



Como vedes hai momentos nos que a biblioteca está moi activa




Con esta actividade coa USC, calados non estaban!!!



Ata se nos colan cans.



Aínda que a *Bruce* non se lle pode acusar de barulleiro. É un bendito!!!



Os teitos baixos e as vigas facían da biblioteca un sitio sonoramente moi incómodo.

Para resolver este problema instaláronse unhas planchas de absorción acústica para frecuencias reverberantes. Na páxina da empresa que as instalou

tendes unhas grabación do tipo antes-despois se queredes comprobar a diferenza.

EQUIPAMENTO TÉCNICO: USOS



Coa impresora 3d estamos probando, ensaiando distintas aplicacións relacionadas cos materiais propios de cada taller.

Rodillos e planchas co polímero *PLA* con xeroglíficos para grabar en barro.



Estampación en coiro a partir de pezas impresas.



Galletas personalizadas para servir en *FPInnova* a partir dun selo impreso en 3d no noso centro.



Co scanner 3d...



podemos reproducir as nosas propias creacións.



O *plotter scanbrother* permite realizar rapidamente actividades de recorte.

Por exemplo, organizamos un pase de moda de camisetas poéticas...



con versos de autores galegos.



Co equipo de *Chroma* grabamos vídeos que incorporamos como realidade aumentada sobre as creacións do alumnado a través de aplicacións como

Aurasma. (Se se enfoca co móbil cara o obxecto, ábrese un vídeo explicativo dos alumnos sobre olería galega).



Ou performances poéticas.

CONCLUSIÓN



Tendes que animarvos a visitar o noso centro.

Somos unha “empresa” xa cun certo currículo:
levamos dous anos organizando talleres en *FP Innova*
e no noso propio centro. Visitádenos!!!

